

## **NORMAS XERAIS DO CAMPIONATO GALEGO DE CROS NO CONCELLO DE RIBADAVIA (OURENSE).**

O Servizo de Deportes de Ourense da Xunta de Galicia en colaboración coa Delegación de OURENSE da Federación Galega de Atletismo, o Concello de Ribadavia e a ADE O Ribeiro organiza a Final do Campionato Galego de Cros dentro do programa XOGADE, como se expón a continuación:

### **1. CATEGORIAS:**

| <b>CATEGORIAS</b>                      | <b>ANO DE NACEMENTO</b> |
|--|-------------------------|
| <b>Alevín</b> (masculino e feminino)   | 2014-2013               |
| <b>Infantil</b> (masculino e feminino) | 2012-2011               |
| <b>Cadete</b> (masculino e feminino)   | 2010-2009               |

### **2. DATAS:**

| <b>PROBA</b>                      | <b>PARTICIPANTES</b>   | <b>DATA</b>              |
|-----------------------------------|------------------------|--------------------------|
| <b>FINAL</b><br><b>AUTONÓMICA</b> | <b>Centros e Clubs</b> | <b>Sábado 13/01/2024</b> |

### **3. PARTICIPACIÓN:**

Poderán participar neste Campionato Galego de CROS os **dous primeiros equipos clasificados** nos Campionatos provinciais celebrados o 16/12/2023 nas categorías Alevín, Infantil e Cadete, nas subcategorías masculina e feminina. E os **dez deportistas individuais** que obtivesen clasificación entre os quince primeiros.

### **4. INSCRICIÓN:**

**4.1.-** Para a final **do Campionato Galego de Cros** do **13/01/2024**, as inscricións faranse separadas por categorías e equipos. Farana de xeito individual os que así se clasificaron.

A inscrición dos atletas participantes na competición terá como data límite o martes **9 de xaneiro de 2024 ata as 20:00h**. **Calquera inscrición posterior á data sinalada non será admitida.**

## **!!!MOI IMPORTANTE!!!**

### **INSTRUCCIÓN PARA TRAMITACIÓN DE INSCRICIÓNS NA INTRANET DA RFEA**

Os Clubs, Colexios ou Asociacións, que non teñan federados aos deportistas, deben enviar o **excel que se adxunta**, con todos os deportistas que teñan dereito a inscribirse nesa competición, ao enderezo electrónico [competicion@atletismo.gal](mailto:competicion@atletismo.gal), no prazo establecido. Os Clubs, Colexios ou Asociacións que teñan a todos os seus deportistas federados, usarán o usuario e clave que xa teñen asignado e farán as inscricións na SDP RFEA (<https://sdp.rfea.es/auth/login>) no prazo establecido.

**4.2.- O día da competición, os/as delegados/as oficiais de cada equipo poderán realizar un máximo de DOUS cambios en cada categoría, sobre a inscrición previamente realizada. Estes cambios formalizáranse na Secretaría da Competición, até 30 minutos antes do comezo da proba correspondente, momento no que finalizará o prazo de confirmación. Esta posibilidade non exclúe de ter debidamente mutualizado/a aos/ás corredores/as.**

#### **5. DORSAIS:**

**5.1.-** Os dorsais serán facilitados pola Organización a través da Secretaría ata 30 minutos antes do comezo da proba correspondente. Só se permitirá o uso dos dorsais facilitados, que non poderán cortarse, dobrarse ou ocultarse de xeito algún.

**5.2.-** Os/as participantes quedan obrigados a levar os dorsais no peito, descalificándose a quen non o leve así.

#### **6. CLASIFICACIÓN E PREMIOS:**

Neste Campionato Galego(Ribadavia 13/01/2024), obterán medallas os tres primeiros clasificados de cada categoría e subcategoría. Tamén obterán trofeo e medallas os tres primeiros equipos de cada categoría. A entrega de premios terá lugar ao rematar tódalas probas.

## **7. LUGAR:**

CIRCUÍTO A VERONZA (Complejo Deportivo O Xestal)  
Ribadavia (Ourense)

## **8.- HORARIOS**

Os horarios e o percorrido serán colgados na páxina da Federación Galega de Atletismo proximamente.

## **9.- TRANSPORTE E MANUTENCIÓN**

Para o traslado do alumnado ao lugar de celebración da proba, cada responsable enviará a súa solicitude ao Servizo Provincial de Deportes de cada provincia:

**Lugo:** [deporte.escolar.lugo@gmail.com](mailto:deporte.escolar.lugo@gmail.com)

**Coruña:** [sdbus.coruna@xunta.gal](mailto:sdbus.coruna@xunta.gal)

**Pontevedra:** [transporte.xogade.pontevedra@xunta.gal](mailto:transporte.xogade.pontevedra@xunta.gal)

**Ourense:** [deportes.ourense@xunta.gal](mailto:deportes.ourense@xunta.gal)

Unha vez formalizada a inscrición. Deberán achegar a información correspondente ao número de pasaxeiros, lugar e hora de saída.

En canto á manutención cada entidade deberá realizar a solicitude dos picnics que van a necesitar para ese día no formulario que se adxunta <https://forms.gle/yqjk6PRZtJjMJpNHA>.

Para realizar estas xestións terán de prazo ata o luns **8 de xaneiro de 2024** ás **23:59h.**

Ourense, a 20 de decembro de 2023

O COORDINADOR PROVINCIAL DO DEPORTE ESCOLAR